

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE ABRE UN PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E SE CREA UNHA LISTAXE DE AGARDA PARA A CESIÓN TEMPORAL DO USO DAS HORTAS URBANAS MUNICIPAIS

Atendendo ás solicitudes presentadas polas persoas que posteriormente se relacionan para o uso de parcelas nas hortas urbanas municipais sitas en Conde de Bugallal e no Miradoiro de Monte Porreiro, resultan relevantes para a resolución do procedemento os seguintes

ANTECEDENTES

1º- En 20/07/2018, por Decreto da Alcaldía apróbase o texto das bases reguladoras do uso das hortas municipais comunitarias

2º- Publícase o devandito decreto na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra e no seu Taboleiro de Anuncios e Edictos no prazo que vai do 23/07/2018 ao 22/08/2018, datas nas que se puideron formular as solicitudes.

3º- O 14/09/2018 reúnese a mesa para proceder ás adxudicacións mediante sorteo das diferentes bancadas correspondentes ás hortas urbanas sitas en Conde de Bugallal e Mirador de Monte Porreiro.

4º- A acta da mesa coas adxudicacións publícase o 14/09/2018 na Sede Electrónica do Concello e cumprese o prazo legal de exposición pública para o coñecemento dos adxudicatarios e a presentación das correspondentes alegacións.

5º- Pasado o prazo de exposición das listas de adxudicatarios sen que se presentasen alegacións, dáse por cerrado o proceso de adxudicación considerándose as listas como definitivas.

6º En data 02/10/18, por Decreto da Alcaldía, apróbanse as autorizacións provisionais aos solicitantes e dispónse que se adxudicarán as parcelas que queden dispoñibles ao longo dos dous anos segundo a orde da listaxe de agarda obtida no sorteo e polo tempo que restaría de vixencia das primeiras autorizacións outorgadas.

7º Por Decreto da Alcaldía de data 05/03/19 concédese unha autorización provisional aos solicitantes das listaxes de agarda resultantes do sorteo de 14/09/2018 para cubrir as vacantes existentes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local modificada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.

Texto refundido do Regulamento orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra con modificacións publicadas o 27/08/08 e 08/09/09.

Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais.

Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais.

Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas

No exercicio das atribucións desta Alcaldía e ao abeiro do disposto no artigo 124,4ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

RESOLVO:

1.-Abrir un período de presentación de solicitudes para optar a unha parcela nos hortos comunitarios municipais coas que se formará unha nova listaxe de agarda con validez dende a data desta resolución ata nova convocatoria oficial. Esta listaxe cubrirá, por orde de presentación das instancias, as vacantes ou parcelas de nova creación.

2.- Incorporar á nova listaxe as e os solicitantes que non foron adxudicatarios e figuraban na listaxe de agarda anterior.

Así o dispón e ordena o Sr Alcalde, en Pontevedra na data que consta na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.